

## **ORDENANZA Nº 32 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS COAS MÁQUINAS, FERRAMENTAS DE PROPIEDAD MUNICIPAL AOS PARTICULARES QUE O SOLICITEN**

### **ARTIGO 1. CONCEPTO.**

De conformidade co previsto na Lei reguladora das facendas locais o Concello establece o prezo público pola prestación de servizos coas máquinas ferramentas de propiedade municipal aos particulares que o soliciten.

### **ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.**

Están obrigados ao pagamento de dereitos os particulares que soliciten os servizos das referidas máquinas. No escrito de solicitude, farán constar o número de horas de utilización, satisfacendo por anticipado o importe da liquidación que se practique.

### **ARTIGO 3. SERVICIOS OBXECTO DESTE PREZO.**

Os servizos que se prestarán en aplicación da presente ordenanza serán os seguintes:

- a) Servizos prestados con vehículo motobomba
- b) Servizos prestados con camión basculante.
- c) Servizos prestados con furgoneta/furgón.
- d) Servizos prestados con tractor multiusos con equipamento: cargadora, retroexcavadora, rozadora, compresor e motoniveladora.
- e) Servizos prestados con camión colleiteiro-compactador 16 m<sup>3</sup>.
- f) Servizos prestados con camión colleiteiro-compactador 8 m<sup>3</sup>.
- g) Servizos prestados con camión con plataforma hidráulica.
- h) Servizos prestados con bomba de achique.
- i) Servizos prestados con xerador 7 KW.
- j) Servizos prestados con motoserra.
- k) Servizos prestados con serra circular.
- l) Servizos prestados con detector de fugas.
- m) Servizos prestados con chigre.
- n) Servizos prestados con formigoneira.
- o) Servizos prestados con cortacésped.
- p) Servizos prestados con prancha vibradora.
- q) Servizos prestados con hidrolimpadora.
- r) Servizos prestados con grupo soldadura.
- s) Servizos prestados con desatascadora.
- t) Servizos prestados con estadas e valos.

### **ARTIGO 4. CONTÍA.**

A tarifa do presente prezo público será a que resulte de aplicar o custo/hora do persoal necesario para prestar o servizo de acordo coa seguinte valoración:

Hora encargado/a	24,13 € /hora
Hora oficial/chofer	21,65 € /hora
Hora peón	20,10 € /hora

En cada liquidación practicada por aplicación deste prezo público, ademais das tarifas anteriores incluírase unha cantidade polo concepto de utilización das máquinas ferramentas citadas no artigo 3º, que de seguido se relacionan:	
Servizos prestados con vehículo motobomba.	55,57 € /hora
Servizos prestados con camión basculante	39,32 € /hora
Servizos prestados con camión basculante con guindastre (pequeno)	39,32 € /hora
Servizos prestados con camión basculante con guindastre (medio)	50,32 € /hora
Servizos prestados con furgoneta/furgón	19,96 € /hora

Todoterreo	26,46 € /hora
Servizos prestados con tractor multiusos con equipamento: cargadora, retroexcavadora, rozadoira, compresor e motoniveladora	55,57 € /hora
Servizos prestados con camión colleiteiro compactador 16 m <sup>3</sup>	55,57 € /hora
Servizos prestados con camión colleiteiro compactador 8 m <sup>3</sup>	39,32 € /hora
Servizos prestados con camión con plataforma hidráulica	50,32 € /hora
Bomba de camión	36,74 € /hora
Servizos prestados con bomba de achique.	23,52 € /hora
Servizos prestados con xerador 7 KW	19,12 € /hora
Servizos equipo autónomo	8,82 € /hora
Servizos prestados con motoserra	8,82 € /hora
Servizos prestados con serra circular	6,31 € /hora
Servizos prestados con detector de fugas	9,11 € /hora
Servizos prestados con cabrestante	6,31 € /hora
Servizos prestados con formigoneira	6,31 € /hora
Servizos prestados con vibrador	3,72 € /hora
Servizos prestados con cortacésped	6,31 € /hora
Servizos prestados con prancha vibradora	9,11 € /hora
Servizos prestados con hidrolimpadora	9,11 € /hora
Servizos prestados con grupo soldadura	6,31 € /hora
Servizos prestados con desatascadora	9,11 € /hora
Servizos prestados con estadas e valos	3,72 € /unid/día
Tramo manguera de 25 mm	1,47 € /hora
Tramo manguera de 45 mm	1,91 € /hora
Tramo manguera de 70 mm	2,36 € /hora
Enlaces e lanzas (unidade)	0,59 € /hora
Xeradores de espuma	7,36 € /hora
Rozadoira	14,70 € /hora
Resto de ferramenta	22,04 € /hora
Líquido espumóxeno	14,70 € /hora
Absorbente	11,76 € /hora
Deterxente/dispersante	8,82 € /litro
Extintor 6 Kg. ABC	44,10 € /unid/día
Extintor 9 kg. ABC	51,44 € /unid/día

IVE incluído

Cando se demande o servizo do camión motobomba engadirase á tarifa o custo correspondente aos metros cúbicos da auga empregada, o prezo fixado na ordenanza fiscal núm. 9 para os usos industriais.

Cando se demande o servizo do camión motobomba engadirase á tarifa o custo correspondente aos metros cúbicos da auga empregada, o prezo fixado na ordenanza fiscal núm. 9 para os usos industriais.

## ARTIGO 5. ADMINISTRACIÓN E COBRO.

A administración e cobro deste prezo público realizarase de conformidade co previsto no art. 46 da Lei reguladora das facendas locais e, suplementariamente, polo previsto na Lei xeral orzamentaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Nos termos previstos no artigo 47 da Lei reguladora das facendas locais e normativa concordante delégase na Xunta de Goberno do Concello a facultade de modificar o prezo regulado nesta ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.